DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 226 | Martes, 27 de novembro de 2018 | Páx. 50260

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 22 de novembro de 2018 pola que se dá publicidade á encomenda de xestión á Fundación Semana Verde de Galicia, ordenada pola Resolución do conselleiro de Sanidade do 22 de novembro de 2018, para a posta á disposición dos espazos precisos e os traballos de apoio para a organización das probas selectivas correspondentes a diversas categorías de persoal estatutario.*

En cumprimento dos artigos 9.3 e 8.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dáse publicidade á encomenda de xestión á Fundación Semana Verde de Galicia, ordenada pola Resolución do conselleiro de Sanidade, do 22 de novembro de 2018, coas seguintes características:

1. A actividade obxecto da encomenda é realizar os traballos de apoio para a realización das probas selectivas correspondentes a diversas categorías de persoal estatutario, que terán lugar os días 24 e 25 de novembro de 2018, en xornada de mañá e tarde, de conformidade cos requirimentos técnicos que se detallan na correspondente resolución, relativos ás obrigas da entidade encomendante, as directrices de execución e o cronograma das actividades que se desenvolverán.

As categorías convocadas son: médico/a de familia de atención primaria, grupo técnico da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, enxeñeiro/a técnico/a e técnico/a superior en documentación sanitaria.

2. A Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público autonómico, de acordo co artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na medida en que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, está formado en máis dun 50 % por bens e dereitos achegados ou cedidos pola Xunta de Galicia. De acordo co artigo 47 da citada Lei 16/2010, ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Xunta de Galicia.

3. As probas selectivas a que se refiren as actividades encomendadas desenvolveranse os días 24 e 25 de novembro de 2018.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Xerente do Servizo Galego de Saúde

CVE-DOG: ej5fw3a6-kev6-pqe4-6qg7-vi0lp2kcaho8

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia